SE ESTÁS ENFERMO/A OU TIVECHES UN ACCIDENTE E NON PODES TRABALLAR, ESTÁS EN SITUACIÓN DE:

# INCAPACIDADE TEMPORAL, IT

**SE A ENFERMIDADE OU ACCIDENTE SUCEDE FÓRA DO ÁMBITO DO TRABALLO**

CONTINXENCIA COMÚN

**CC**

**A ENFERMIDADE OU O ACCIDENTE SUCEDEN NO ÁMBITO DO TRABALLO:**
- **NA EMPRESA**
- **IN ITÍNERE**
- **IN MISION**

CONTINXENCIA PROFESIONAL

**CP**

*En casos de gravidade chama ao 112 (061 se só se precisa atención médica) ou acude ao centro de atención médica máis próximo*

## Continxencia común

**ACUDE AO Servizo Público de Saúde, SPS (médico de cabeceira, Centro de Saúde, ...)**

QUE XESTIONA:
- ✓ PARTES DE BAIXA
- ✓ TRATAMENTO
- ✓ ALTA

A MUTUA PODE:

- CONTROLAR A BAIXA
- COLABORAR NO TRATAMENTO (adiantando probas por exemplo) COA TÚA AUTORIZACIÓN
- FACER PROPOSTA DE ALTA (Para continuar coa baixa o médico de cabeceira deberá emitir un informe desestimando a proposta de alta).

*Ante unha negativa do traballador/a a realizar as probas, **a mutua pode facer proposta de alta***

## Continxencia profesional

**COMUNÍCAO Á EMPRESA DEIXANDO CONSTANCIA**

-TESTEMUÑAS
-ATESTADO POLICIA LOCAL, GARDA CIVIL (nos casos de accidentes *in itinere* ou *in misión*)

**A EMPRESA FACILITA TALÓN/VOLANTE DE ASISTENCIA** → **VAI Á MUTUA OU INSTALACIÓNS CONCERTADAS**

**A EMPRESA NON FACILITA TALÓN/VOLANTE DE ASISTENCIA** → **VAI Á MUTUA OU INSTALACIÓNS CONCERTADAS**

### ATÉNDENTE

- **PARTE BAIXA POR CP**
- **DANCHE UN INFORME NO QUE SE REXEITA QUE SEXA CP** → VAI AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL
- **ATENCIÓN PENDENTE DE CUALIFICACIÓN DA CONTINXENCIA (En espera de resultados de probas, valoración médica)**
  - No caso de **non ter** que xustificar na empresa os días que estás en espera, agarda a atención da mutua
  - No caso de **ter** que xustificar na empresa os días que estás á espera → VAI AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL
- **DANCHE UN PARTE DE DESCANSO**
  - O TEU CONVENIO **NON CUBRE** O TEMPO DE DESCANSO → VAI AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL
  - O TEU CONVENIO **CUBRE** O TEMPO DE DESCANSO → CONTINÚA COA ATENCIÓN DA MUTUA
- **ATENCIÓN SEN BAIXA** → SOLICITA INFORME MÉDICO → INCORPORACIÓN AO TRABALLO / VAI AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL

### NON TE ATENDEN

PIDE XUSTIFICANTE NA MUTUA DE QUE ESTIVECHES ALÍ → ACHÉGATE AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL

**VAI AO SPS INDICANDO QUE A DOENZA TEN ORIXE LABORAL**

**ATENCIÓN MÉDICA**

- INCORPORACIÓN AO TRABALLO
- BAIXA CC → DETERMINACIÓN DA CONTINXENCIA — **Formulario INSS / ISM**

A ***determinación da continxencia*** pode solicitarse a partires do día da baixa a instancia do SPS, INSS, ISM, Mutua ou do/a traballador/a

## NOTA ACLARATORIA CP

***Accidente de Traballo***: *lesión corporal sufrida con ocasión ou por consecuencia do traballo; están incluídos os que suceden no lugar ou no tempo de traballo, en misión ou in itínere, así como as enfermidades comúns que contraia o/a traballador/a con motivo da realización do traballo e non estean contidas no cadro de enfermidades profesionais. Os accidentes clasifícanse en leves, graves e mortais. Nos casos de accidentes con baixa é obrigatorio para a empresa a notificación do mesmo a través da cumplimentación do programa DELTA xestionado Ministerio de Emprego e Seguridade Social).*

***Enfermidade profesional:*** *contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais, e que esta proceda pola acción de elementos ou substancias que no devandito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional" (Real Decreto 1299/2006). As enfermidades profesionais rexístranse pola Mutua a través do sistema CEPROSS. O procedemento de recoñecemento da enfermidade como profesional pode ser iniciado a instancias da Mutua, do SPS ou do propio traballador/a.*

CIG
Confederación Intersindical Galega - Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral